


# CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DA MATERIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS

---

R1 DO-0204 P1

Curso 2020/2021



## CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DA MATERIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS

(Aprobado en Xunta de Facultade de 04/05/2017)

A coordinadora ou coordinador da materia PRÁCTICAS será responsable da asignación das e dos estudantes a as entidades colaboradoras para a realización das PAE. A temática do traballo a desenvolver no marco das PAE deberá axustarse aos obxectivos xerais do grao e ás competencias da materia.

Tras o inicio do curso académico, a coordinadora ou coordinador da materia PRÁCTICAS realizará unha sesión informativa sobre PAE destinada ao alumnado de 3º e 4º curso que poderá consultar, a través da plataforma docente FaiTic, os centros cos que exista un convenio docente e as liñas de traballo que ofertan.

Antes do 30 de novembro, o alumnado realizará a elección de tres centros, priorizándoos, e comunicará esta elección mediante o envío á Secretaría do Centro do ANEXO I “Elección de centro de prácticas”. No caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas para un mesmo centro, a Comisión Académica realizará a asignación final tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º Estar matriculado/a na materia Prácticas
- 2º No ter realizado ningunha práctica extracurricular convalidable
- 3º Expediente académico